



MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESO

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

A publicación da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*, supón a modificación do calendario e, en consecuencia, a modificación da programación didáctica prevista para o curso 2021/22 por este departamento.

Tal e como dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Por todo isto, modifícanse os criterios de cualificación quedando do seguinte modo:

a) En caso de ter superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado recibirá actividades de ampliación que terán que ver con expresión oral e fixación de léxico, reforzo gramatical e ortográfico e poderán ser valoradas até nun 10% da nota na cualificación definitiva da avaliación ordinaria.

b) En caso de non ter alcanzados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará actividades de recuperación e reforzo conducentes á presentación de exercicios e/ou dunha proba escrita (da aplicación teórico-gramatical: léxico, ortografía, etc.), que suporá o 80% da nota na cualificación definitiva, e doutra oral (exposición e/ou explicación de textos, literarios ou non), que suporá o 20% da nota na cualificación definitiva, e que se levará a cabo nas datas fixadas pola dirección.

En Ferrol, a 11 e marzo de 2022

Asdo.: Henrique Dacosta López

Xefa/e do departamento de Lingua Galega e Literatura